

Fiz Vergara Vilariño

Hoxe erguinme cedo (a costume do quefacer cotián, como diría o poeta), almorcei e senteime á miña mesa de traballo; puxen un folio no rodillo da máquina de escribir, metín a cabeza entre as mans e comencei a cavilar en busca dunha idea para levala ó papel en branco: ¡Nada!. Non se me viña unha idea ó maxín nin á de tres. A miña musa aínda non espertara. O folio —branquísimo— parecíame un inmenso campo ermo e dábame noxo. Erguinme da cadeira, corrín os visíños e ollei cara fóra pola fiestra: ¡Nevaba!. Unha lixeira tearaña de folerpas cubría o val de beira a beira. Sentín un enorme gozo no peito. Ollei cara o calendario para saber a qué data me achaba: ¡Era o primeiro de decembro!

—¡Arre, caráina! —exclamei—. Parece cousa de risa. Xa estamos no Nadal e eu sen decatarme. Pois xa teño tema para escribir, ¡abofellas!. Fareille un artigo ó Belén electrónico de Begonte, é o menos que lle podó facer.


Senteime outravolta á mesa de traballo. Todo cambiara de súpeto. O folio, en branco, xa non me daba noxo. Agora parecíame unha terra axeitada para recibilos tipos da miña Olivetti. E escribín dun pulo o seguinte:

“Nunha vilíña galega chamada Begonte celébrase o Nadal durante o ano enteiro. Os begontinos viven tódolos días o misterio meirande da Creación. Xa sequera retiran o carteliño posto na N-VI, o indicador da roita a seguir polo transeúnte para chegar ó Centro Cultural onde se atopa un monumento digno de ver e sentila súa mensaxe. ¿Qué aconteceu en Begonte para xermolar tan fondamente as raigames deste misterio?. Isto, amigo lector, éche outro misterio e só un home (xa fóra deste mundo) pode responder a semellante pregunta. Este home chámase Xosé Domínguez Guizán e foi no seu día a “alma mater” dunha gran estanguiriada feliz.

Don Xosé foi, en vida, un crego senlleiro, se os hai. Tiña un certo parecido a Don Quixote da Mancha. Debaixo dunhas gafas afumadas ocultaba os seus ollos; tan expresivos coma os dun neno xitano. Non deixaba a sotana por nada deste mundo. (¡Ata morrería con ela posta!). En caso de emerxencia arremangábaa, pero non para learse con ninguén —como pode supoñer calquera lector malintencionado— senón para traballar, para arrimalo ombro nas labours comunitarias.

O pouco tempo de se facer árrego de Begonte, e vendo o

## O Belén Electrónico de Begonte, un facho de luz sempre aceso



desleixo en que se achaba mergullada a súa parroquia, acordo artellar algo capaz de “erguérela espiñela” ós seus fregreses. O choio tróuxoo caviloso durante unha tempada, penso eu. Pasouse noites enteras matinando no proxecto antes de levalo á práctica. Mais un bon día de 1970 decidiu poñer en marcha a súa angueira. Uns artimañeiros, sabichudos e abelenciosos, foron os encarregados de facer realidade de os seus soños. E montaron un belén electrónico no piso fondeiro do Centro Cultural. Dirixidos pola batuta da palabra mestra do crego, puxéronlle toda clase de figuras e enfeites dándolle primacía ós motivos galegos: labregos, ferreiros, carpinteiros, lavandeiras, pescadores... etc. Don Xosé era, neste sentido, un verdadeiro galeguista. Pertencia ó facto dos bons e xenerosos, ninguén ouse poñelo en dúbida. Nacéronlle callos de flores nas mans colocando as figurillas do belén e amañando os seus enfeites. Así xurdiu este tesouro de soños, paz, ledicia, gozo, ilusión, esperanza..., pero non de cartos, como alguén pode imaxinar. Os veciños entusiasmáronse coa iniciativa do seu crego. A todos lles medraron os oídos, coma

casulos de caraveles, escoitando o primeiro pregón do Nada; en anos sucesivos seguirían a medrálle-los oídos con novos pregóns, e os seus corazóns —deica entón tan adurmiñados— enchouparíanse de gozo noviño, e hoxendía os begontinos son xente encheita de esperanzas, cunha lumieira de amor ardéndolles decote na ollada.

Emporiso a sonda do belén electrónico non ficou en Begonte soamente. ¡Diso nada!. Os poucos días de inaugurarse a primeira edición, a noticia regábase por Galicia adiante. Dos catro cantos da Nosa Terra viñeron homes e mulleres, nenos e maiores, a contemplaren este tesouro tan feiticieiro. Todos ficaban estantios diante de María, Xosé e o Neno, diante dos pastores e das demais figuras animadas, escoitando o estrondo dos tronos, vendo o fulgor dos lóstregos e a brancura das nevaradas cos ollos abertos coma pratos, cheos de asombro e felicidade. Aquilo era unha regalo nunca vista. Dalí saían os maiores cun enorme sorriso debuxado na faciana e os nenos co seu corazónciño poboado de paz, dispostos a defrontarse co porvir sen odios nin xenreiras. Eran —son— os homes novos da Gali-

cia futura.

Parellas ó funcionamento do Belén electrónico, os dirixentes do Centro Cultural de Begonte organizaron diversas actividades culturais: convocaron concursos de poesía, xornalismo e postais navideñas; fixeron exposicións de cerámica, pintura e alfarería; montaron obras de teatro, actuacións de masas corais... E outras. Isto forma a chamada Campaña do Nadal de Begonte. A vila chairega converteuse —sen lugar a dúbidas— na capital do belénismo galego. Cóntanse ben os días do Nadal que neste pobío labrego —regado polos ríos Ladra e Parga— non hai moreas de xente forasteira: multitude de romeiros e romeiras que, despois de visita-lo Belén, degrañan ó longo das rúas unha ledicia colleitada no Centro Cultural. E o chamado “turismo de inverno”. Aquelas xentes que non verán tran como único obxectivo contemplar as paisaxes da Terra Chá, no inverno non os move outra inquedanza senón velo Belén electrónico e mercar unhas chilindradas para levalas como lembranza da súa peregrinaxe.

Despois da morte de Xosé Domínguez Guizán, a parroquia de Begonte ficou a cárrego dun

irmán do difunto. Este é un crego franciscán con faciana xangal e fasquía de home bon. Tiña que ser precisamente un franciscán quen se encarregara do Belén, non había máis voltas de folla. Tarde ou cedo as cousas sempre voltan á súa orixe primitiva. ¿Por qué digo isto?. Pois porque o creador dos beléns foi (aló no século XIII) un monxe pachoco e soñador chamado Francisco de Asís, creador, asimesmo, da orde franciscana. Supoño que o novo crego de Begonte se atopará ben contento co seu belén. Calquera Nadal, para honrar ó seu patrón, vainos da-la sorpresa de poñer un lobo entre as figuras animadas. Xa o veredes. O tempo será testigo inexorable.

Hoxe o Belén de Begonte vai pola súa XVII edición. Xa está a punto de cumpri-la maioría de idade como quen di. O longo destes anos os organizadores, cunha vontade digna de encomio e louvanza, salvaron os máis diversos atrancos e peripecias. Emporiso, agora, albiscánselle a este monumento unhas posibilidades de expansión infinitas. Os seus horizontes fanse meirandes cada ano. Nestes tempos de crises e confusionismo o home sinte, entre outras cousas, unha grande fame espiritual, e busca as fontes de Deus por múltiples vieiros. Por elo, cando unha parte do mundo vive mergullada en guerras e liortas, alleos a todo interés económico, desbotando os acenos engaioladores do materialismo; cando nos atopamos metidos de cheo na revolución do "chip" e da computadora, uns artimañeiros begontinos imponen por todel o seu arte sinxelo, como sinxela era aquela familia de Nazaret composta por Xesús, María e Xosé. E admirable comprobar como o Belén de Begonte consegue sulagar de paz e ledicia os corazóns dos galegos —e dos extragalegos— de boa vontade. Moitos beléns se artellan no país con máis sofisticadas técnicas e máis luxosos motivos; non obstante poucos chegan a "epatar", a enche-las intimidades de luz dun xeito tan omnímodo. ¿Será polo seu espíritu inxel?. ¿Será polos seus efectos expresivos, pola súa capacidade emotiva para impresionalo visitante?. Non sei nada, ningún ser deste mundo o sabe. Como dixeron o principio, soamente coñece tales segredos Don Xosé Domínguez Guizán, quen se encontrará ares-tora á man dereita do Todopodente, tal vez facendo beléns para os anxos, mentres no cementerio de Begonte, mesmo riba do seu nicho, xunto ó seu busto esculpido en bronce, florece unha rosa de Nadal para galano de cantos alí se achegan.